
Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

50

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

O graduado/a en Enxeñaría Eléctrica ten como destino traballar na xestión dos sistemas eléctricos de potencia, instalacións e accionamentos eléctricos, e no transporte e distribución da enerxía eléctrica, áreas que necesitan de persoas tituladas con formación específica neste sector. Éstas deben cubrir tamén os campos emerxentes que cada vez teñen máis incidencia na sociedade actual,

como son a tracción eléctrica e as enerxías renovables (particularmente a xeración de enerxía eléctrica en sistemas eólicos e fotovoltaicos) áreas cunha gran e notable expansión no noso país nos últimos anos e cunha progresión futura cada vez maior. Todas elas son atribucións profesionais do Eenxeñeiro/a técnico industrial, dentro do ámbito da súa respectiva especialidade técnica.

Saídas profesionais

- Xeración de enerxía eléctrica: eólica, fotovoltaica, gran hidráulica e minihidráulica, centrais térmicas de produción de enerxía eléctrica
- Transporte e distribución de enerxía eléctrica
- Comercialización de electricidade
- Tracción eléctrica (vehículo eléctrico)

- Proxecto e realización de instalacións eléctricas
- Mantemento de instalacións eléctricas
- Instalacións eléctricas en buques
- Xestión enerxética
- Deseño e construción de equipos eléctricos
- Fabricación de equipos de iluminación

+ Info

Na actualidade o sector eléctrico demanda unha gran cantidade de titulados/as, que fai que o alumnado que obtén a titulación actual atope traballo no sector eléctrico en menos dun ano desde a súa titulación

e que estudantado doutras especialidades acabe traballando tamén no sector eléctrico.
